

Pequena guía de acollida na Facultade

Este folleto é unha referencia rápida para a xente que comeza nesta facultade.

Da información sobre cousas que podeades necesitar para comezar a desenvolvervos nela, como poden ser horarios, grupos, guías docentes....

Acceso á información da facultade

<http://www.economicas.udc.es>

Aplicación de horarios e grupos

Facultade de Economía e Empresa

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

es | en Inicio | Novas | Axenda | Contacto | Faite Ouvir: Caixa de Suxestións **Pesquisar**

Inicio Avisos e novas que se van producindo

Destacados
O día 4 de setembro o Centro permanecerá pechado por mor da inauguración do Ano Académico na Reitoría.

Ligazóns
Horarios e Grupos

Biblioteca

practicass.fee

Biblioteca FEE
Biblioteca da Facultade

Asignación Grupos dos Graos
Asignación do Alumnado aos Grupos - A partir do 05/09/2015.
Ver máis...

Traballos Fin de Grao - Tribunais e Traballos
Relación de Tribunais e Traballos día 07-09-2015. Corrección erros Tribunais 24 e 26 (02-09-2015)
Ver máis...

Inicio Curso Académico 2015-2016
Inicio das actividades lectivas - Curso Académico 2015-2016
Ver máis...

Calendario TFG 2015-2016
Calendario TFG - Curso 2015-2016 - Solicitudes, bilaterais e prórrogas
Ver máis...

Subscripción ás novas

Calendario de eventos
Setembro-2015

Seg	Ter	Cua	Qui	Sex	Sab	Dom
	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20

A web da facultade é o lugar de referencia para as informacións que a facultade dispón en internet.

Na súa zona central van aparecendo as diferentes novas e avisos de interese. É a parte que se actualiza con maior frecuencia.

Á dereita están os accesos a varios servizos. O máis importante é a aplicación de grupos e horarios. Outra ligazon importante é a que da acceso á web da biblioteca.

Á esquerda, entre outras cousas está o menu, que da acceso ás principais informacións sobre a facultade.

Aplicación de horarios e grupos

Ligazóns



Horarios e Grupos

En que grupo estas?



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Facultade de Economía e E

Cal é o teu horario?



As titorías dos
teus profesores?

Cando tes os exames finais?

A aplicación de horarios e grupos contén toda a información sobre as materias e profesores que se modifica cada curso:

Titorías, horarios, data de exames oficiais, aulas que corresponden a cada grupo ...


É necesario identificarse para poder acceder a ela. Débese empregar o voso nome de usuario da UDC e o contrasinal.



Unha parte da información anterior tamén aparece noutras partes da web, aínda que xeralmente está adicada a informacións máis xerais.

O apartado de Estudantes comentarase máis adiante. Dos outros apartados pódese destacar:

- Titulacións: aparece unha listaxe coas diferentes titulacións (grao e master) que se imparten no noso centro
- A facultade: o máis interesante é unha guía de acollida, en pdf, máis completa ca esta.
- Profesores: está o listado dos departamentos da facultade, con acceso á súa información na UDC
- Administración e Servizos: información de diferentes trámites que se poden realizar no centro
- Axenda: aparece a listaxe de eventos




En información académica tamén se pode acceder a cousas como horarios, aulas, datas de exames oficiais...

Ademais poderas atopar aquí información sobre o que é o Plan de Acción tutorial ou o Traballo de Fin de Grao. Ou diferentes convocatorias de prácticas en empresas , bolsas de estudos ou intercambios entre universidades (Erasmus, Sicue...)


Cando aparecen convocatorias sobre esas ou outras actividades aparecen primeiro na zona central da web, na zona de avisos e novas.

ANDAR 0: Entrada




- **Entrada. Secretaria. Conserxeria**
- **Aulas de informatica 0.1 e 0.2; Aulasnet; Aulas de clase 0.3 a 0.6**

ENTREPLANTA




- **Decanato; Asociacións de estudantes**
- **Despachos de profesores (departamentos con sede noutra facultade: dereito, informática, socioloxía ...)**

ANDAR 1: Entrada superior




- **BIBLIOTECA.**
- **Aulas de clase 1.1 a 1.7; Aulas POP**
- **Departamento de Economía Financiera e Contabilidade**

ANDAR 2



- **Fotocopiadora**
- **Aulas de clase 2.1 a 2.11**
- **Departamento de**

ANDAR 3



- **Departamentos de Economía Aplicada I e II**

GLOSARIO

PDI: Persdoal docente e investigador. Basicamente o profesorado

PAS: Persoal de administración e servicios. Biblioteca, conserxería, secretaría....

Decano/a: 1.- É a persoa que ten a representación do centro e ten a función de dirixilo e xestionalo.

Xunta de Facultade: é o organo de goberno da facultade. Esta composto por un 63% de PDI, un 28% de estudantes e un 9% de PAS.

Departamentos: Son os órganos onde se agrupan os profesores en función das súas areas de coñecemento. Están encargados de asignar as materias ao profesorado e don os responsables dos contidos impartidos e a súa adaptación aos planos de estudos de cada titulación.

Na nosa facultade teñen a súa sede 4 departamentos:

- Análise Económica e Administración de Empresas (areas de Fundamentos de Análise Económica, Comercialización e Investigación de Mercados e Organización de Empresas). Ten os seus despachos no 2º andar.
- Economía Aplicada I (areas de Economía Aplicada e Historia e Institucións Económicas). Despachos no 3º andar
- Economía Aplicada II (areas de Economía Aplicada e Métodos Cuantitativos para a Economía e a Empresa). Despachos no 3º andar
- Economía Financeira e Contabilidade (area de Economía Financeira e Contabilidade) Despachos no 1º andar.

Guia Docente: Documento que describe tecnicamente a maneira de impartir a docencia e a avaliación en cada materia.

TFG: Traballo de fin de grao. É un traballo, equivalente a dúas materias, que se debe realizar e expoñer para completar os estudos de unha titulación de grao.

Erasmus: É un programa de intercambio de estudantes e profesores entre diferentes universidades europeas. Mediante este programa pódese facer un curso ou unha parte nunha facultade europea. Outros programas permiten facer intercambios con outras universidades españolas ou con países non europeos.

PAT: Plano de acción tutorial. É O PAT é un de orientación para o alumnado que a Universidade da Coruña ofrece para orientar ao alumnado no teu desenvolvemento académico.